



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas externas: Practicum

Materia	Prácticas externas: Practicum			
Código	O05G220V01701			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	30	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa			
Coordinador/a	Verde Diego, María del Carmen			
Profesorado	Aguiar Fernández, Francisco Javier González Rodríguez, Rubén Perdiz Álvarez, María Celsa Verde Diego, María del Carmen			
Correo-e	carmenverde@uvigo.es			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/estudos/grupo/practicum			
Descrición xeral	<p>O Prácticum insírese no módulo E do Plan de estudos: Prácticum e Traballo Fin de Carreira e, dentro deste, na materia que ten a mesma denominación.</p> <p>O Prácticum son un conxunto de actividades orientadas a unha aprendizaxe baseada na acción e a experiencia, que posibilita a apropiación de destrezas, coñecementos e habilidades, que permiten ao estudantado, entre outras accións, descubrir, analizar e comprender o contexto e os procesos de intervención social na compañía dun/unha profesional de traballo social experimentado no seu propio contexto organizativo. O Prácticum desenvólvese en servizos e entidades desde os que se prestan servizos de traballo social e que son recoñecidos como centros colaboradores para a formación en prácticas polas universidades, mediante convenios. Inclúe a supervisión, realizada por titores/as académicos docentes da universidade, e a tutela profesional, realizada por traballadores/as sociais das institucións colaboradoras.</p> <p>O Prácticum é unha materia de carácter obrigatorio, do primeiro cuadrimestre do cuarto curso da titulación. Consta de 30 créditos ECTS, equivalentes a 750 horas, das cales entre 450-525 horas asígnanse ás prácticas en institucións externas (en función dos horarios da institución externa). As restantes horas compútanse en: 1) Clases de introdución (Grupos B) previos ao inicio das practicas na institución/entidade/empresa externa; 2) Supervisións grupais (Seminarios C) de seguimento do estudantado na universidade mentres realiza as practicas externas, e formación específica; 3) Tutorías individualizadas co titor/a académico asignado; e traballo autónomo do/da estudante.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais

- B3 Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
- B4 Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
- B5 Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
- B6 Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
- C1 Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
- C2 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
- C3 Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
- C4 Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
- C5 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
- C6 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- C7 Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
- C8 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- C9 Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
- C10 Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
- C11 Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos
- C12 Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
- C13 Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
- C14 Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
- C15 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- C16 Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
- C17 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- C18 Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
- C19 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- C20 Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
- C21 Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
- C22 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- C23 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- C24 Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
- C25 Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan

D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D6	Coñecemento da cultura propia da comunidade
D7	Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D20	Creatividade
D21	Liderado
D22	Iniciativa e espírito emprendedor
D23	Motivación pola calidade
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1.-É capaz de interactuar con persoas, familias, grupos e organizacións sociais, etc. para conseguir cambios, promocionar o desenvolvemento dos mesmos os e mellorar as súas condicións de vida a través da teoría e metodoloxía en Traballo Social baixo tutela e supervisión.	A2 A3 A5	B1 B3	C2 C3 C5 C8 C10 C13 C22 C23	D9 D14 D15 D17 D23 D24
2.-É capaz de desenvolver as destrezas necesarias para a creación dunha relación de traballo positiva con diferentes tipos de persoas.	A1 A4	B1 B5 B6	C1 C5 C7 C14 C16 C20 C21	D3 D6 D10 D11 D12 D14 D18 D23 D24
3.-Ser capaz de avaliar situacións humanas e recoller, ordear, tratar e analizar a información, tendo en conta os puntos de vista dos participantes, os conceptos teóricos, os datos da investigación, as normas legais, os métodos e técnicas profesionais e os procedementos institucionais	A2 A3 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C4 C5 C9 C10 C19 C22 C23	D1 D2 D3 D6 D8 D14 D17 D24
4.-É capaz de tomar en consideración factores como riscos, dereitos, diferenzas culturais e sensibilidades lingüísticas, responsabilidades de protexer a individuos vulnerables e outras.	A3	B2 B4	C2 C4 C8 C9 C10 C13 C14 C15 C16 C22 C23 C24 C25	D1 D3 D4 D6 D8 D9 D10 D15 D17 D18 D19 D20 D21 D23 D24

5.-É capaz de resolver conflitos de relación no marco da actuación profesional.	A5	B4 B5	C9 C11 C24	D3 D9 D14 D19 D21 D22
6.-É capaz de deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social e planificar de forma negociada unha secuencia de accións e seguir e avaliar o seu desenvolvemento.		B2 B5	C3 C6 C7 C8 C9 C10 C12 C24	D1 D2 D8 D9 D10 D16 D18 D19 D20
7.-É capaz de tomar decisións fundamentadas tendo en conta as consecuencias para todas as partes implicadas.	A2	B1 B5	C1 C2 C3 C4 C9 C13 C17 C24	D1 D3 D8 D9 D10 D15 D17 D19 D21 D22 D23
8.-É capaz de responsabilizarse das tarefas encomendadas nun marco de responsabilidades múltiples (público, usuarios dos servizos e outros).	A4	B2 B5 B6	C1 C4 C7 C14 C15 C16 C17 C18 C20	D2 D10 D11 D12 D14 D19 D21 D23
9.-É capaz de reflexionar sobre o seu comportamento e ser capaz de modificalo á luz da experiencia e de identificar e someter a revisión os seus propios límites persoais e profesionais.	A3	B5 B6	C16 C17 C23	D3 D8 D14 D16 D17 D18 D23
10.-É capaz de programar o propio traballo asignando prioridades, cumprimento coas obrigacións profesionais e avaliando a eficiencia do propio traballo.	A2	B5 B6	C10 C16 C17 C22 C23	D2 D8 D11 D16 D19 D23
11.-É capaz de analizar a propia práctica e identificar os seus límites e carencias profesionais, e asumir a responsabilidade da formación continuada de coñecementos e destrezas.	A5	B3 B5 B6	C10 C16 C22 C23 C24	D1 D3 D16 D18 D19 D23

12.-É capaz de utilizar axeitadamente a supervisión e sistematizar a práctica.	A5	B5	C16 C23	D1 D3 D6 D7 D8 D10 D11 D14 D15 D16 D17 D18 D20 D23 D24
13.-É capaz de contribuír á promoción de boas prácticas do traballo social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan.	A3 A5	B5 B6	C22 C25	D1 D18 D19 D20 D22 D23
14.-É capaz de preparar e/ou dirixir reunións de forma efectiva.	A4	B1 B2	C7 C14 C20 C21	D2 D4 D6 D11 D12 D14 D21 D22 D23
15.-É capaz de gestionar a incerteza, o cambio e o estrés en situacións de traballo.	A5	B6	C4 C9 C24	D1 D2 D3 D9 D10 D16 D18 D19 D23
16.-É capaz de manexar de forma produtiva os conflitos interpersonales e intrapersonales.	A2	B4 B5 B6	C6 C8 C15 C20 C23 C24	D1 D3 D9 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D19 D23
17.-É capaz de gestionar dilemas e problemas éticos, identificando os mesmos e reflexionando sobre os seus resultados.	A3	B1 B2 B3 B4	C6 C16 C19 C23 C24	D1 D3 D6 D9 D14 D15 D16 D17 D23 D24

18.-Ha adquirido experiencia directa en Trabajo Social en los lugares donde se desarrolla (servicios A5 sociales y de bienestar, organizaciones sociales, etc.)

C2 D1
C3 D2
C5 D3
C6 D4
C7 D6
C8 D7
C10 D8
C14 D9
C17 D10
C18 D11
C19 D12
C20 D14
C21 D15
C22 D16
C23 D17
C25 D18
D19
D20
D21
D22
D23
D24

Contidos	
Tema	
1.-Realización de actividades e tarefas de preparación, seguemento e avaliación para a inserción no centro de prácticas.	Elaboración dun Dossier inicial
2.-Coñecemento da institución e campo de intervención da práctica.	Os mesmos
3.-Observación participante da realidade no contexto profesional.	Os mesmos
4.-Aplicación dos coñecementos teóricos na práctica.	Os mesmos
5.-Aplicación dos métodos e procedementos profesionais.	Os mesmos
6.-Utilización e manexo da documentación, técnicas e instrumentos profesionais.	Os mesmos
7.-Reflexión e análise da práctica profesional a través da supervisión grupal.	Estudios de caso: 1) presentación dunha entidade; 2) presentación dun caso dende a perspectiva de xénero; 3) análise dun caso dende unha perspectiva ética (identificación e resolución de dilemas éticos)
8.-Recompilación, tratamento e análise de datos cara a sistematización da práctica.	Os mesmos
9.-Elaboración da memoria final do prácticum.	Os mesmos

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	9	45	54
Seminario	18	58	76
Prácticum, Practicas externas e clínicas	450	70	520
Cartafol/dossier	0	10	10
Estudo de casos	0	30	30
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	60	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introductorias	Sesións formativas destinadas á preparación antes da incorporación da entidade. Trataranse aspectos conceptuais e actitudinais. O/a estudante entrega nesta parte da materia un Dossier Véxase calendario do practicum no taboleiro e web da Facultade e en MOOVI.

Seminario	Consistirán en varias supervisións grupais (4) nun marco de aprendizaxe colaborativa moderada por un docente. Trataranse contidos de carácter conceptual, procedimental e actitudinal dende unha perspectiva feminista e ética. O/a estudante presenta "casos" nestes seminarios. Véxase calendario do practicum no taboleiro e web da Facultade e en MOOVI.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O/A estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas. As prácticas desenvólvense nun contexto relacionado coa profesión de Traballo social baixo a supervisión dun ou dunha profesional de Traballo social

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Un/unha docente acompañará ao estudante na súa preparación para a incorporación nunha entidade e na elaboración do Dossier que elaborará aos efectos de coñecer mellor a entidade na que se vai incorporar e o ámbito de intervención
Seminario	Consistirá en supervisións grupais (4) nun marco de aprendizaxe colaborativa moderadas por un/unha docente. Trataranse todo tipo de contidos (de carácter conceptual, procedimental, actitudinais) e de situacións
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O/a estudante realiza as súas practicas supervisado por un/unha traballador/a social nunha institución, entidade ou empresa destinada a ofrecer servizos sociais en calquera ámbito
Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	O/a estudante deberá realizar unha memoria de prácticas. A tal fin será acompañado no proceso por un/unha titor/a académico co que terá titorías individuais periódicas e que servirán, ademais, para expoñer calquera outra inquedanza, dúbida, reflexión sobre o periodo de prácticas

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Valoración do/a titor/a de prácticas sobre o periodo do estudante na entidade. O/A estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión, durante un período determinado, realizando as funcións asignadas e previstas na proposta de prácticas. No caso do Prácticum, estas prácticas inclúense con carácter obrigatorio en Traballo social	40	A1 B1 C1 D1 A2 B2 C2 D2 A3 B3 C3 D3 A4 B4 C4 D4 A5 B5 C5 D6 B6 C6 D7 C7 D8 C8 D9 C9 D10 C10 D11 C11 D12 C12 D14 C13 D15 C14 D16 C15 D17 C16 D18 C17 D19 C18 D20 C19 D21 C20 D22 C21 D23 C22 D24 C23 C24 C25

Cartafol/dossier	Asistencia, participación, interacción e realización das actividades/tarefas encomendadas nas clases preparatorias (Grupos B) antes de iniciar as prácticas en institucións. Os resultados serán entregados nun DOSSIER, cos contidos establecidos para tal fin.	10	A2 A4 A5	B3 	C4 C13 C18 C22 C23 C25	D1 D2 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D15 D16 D17 D18 D19 D23 D24
Estudo de casos	Asistencia, participación, interacción e realización das actividades/tarefas encomendadas para os Seminarios de supervisión grupal (Grupos C). Os resultados serán a presentación en cada unha das sesións de estudos de casos: 1) presentación dunha entidade; 2) presentación dun caso dende a perspectiva de xénero; 3) análise dun caso dende unha perspectiva ética (identificación e resolución de dilemas éticos) 4) Formación en violencia de xénero	30	A1 A2 A3 A4 A5	B2 B6 	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C19 C22 C23 C24 C25	D1 D2 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D23 D24
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Memoria de prácticas do/da estudante relativa ao seu periodo de practicas	20	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C3 C4 C5 C6	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D10 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D22 D23 D24

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación

O prácticum é unha materia que que soamente se pode realizar de xeito presencial, de forma que a súa avaliación sempre será en modalidade asistencial. Dito doutra forma non se poden faltar nin as clases preparatorias (Grupo B), nin as supervisións grupais (Grupos C) da Universidade como tampouco á institución, entidade ou empresa na que se realizan as

prácticas. A materia soamente será avaliada si o/a estudante ten participado como mínimo nun 85% das horas totais que lle corresponden a esta materia, tal como estipula a Normativa de Prácticas da Uvigo (2021). As posibles inasistencias puntuais deben ser sempre comunicadas tanto ao docente titor/a académico e, de selo caso de estar xa incorporado na entidade, tamén ao titor/a profesional, e terán que ser debidamente xustificadas con documentos acreditativos a ámbolos dous. A Coordinación do prácticum pode establecer a suspensión temporal do período de prácticas por situacións sobrevidas como enfermidades de longa duración. En todo caso, o tempo desta suspensión, como o da posible acumulación de inasistencias puntuais, será recuperado nas condicións que estableza a Coordinación de prácticum, quen consultará co docente titor/a do/a estudante e co titor/a profesional da entidade.

A avaliación do prácticum verificará a capacidade efectiva de desenvolver tarefas concretas da actividade profesional, así como a adquisición das destrezas e aptitudes correspondentes. A avaliación terá carácter continuado a través da elaboración dun Dossier (0-1 punto), de casos presentados nos seminarios grupais e a asistencia á formación (0-3 puntos), da Memoria de practicas (0-2 puntos) e da valoración dos/as titores/as externos (0-4 puntos) a partir da súa observación sistemática del estudante. Todas e cada unha destas partes deberá ser aprobada por separado, entendendo que o "apto" se atopa na metade do seu valor global (Dossier: 0,5; Casos: 1,5; Memoria: 1; titor profesional: 2). Isto é, non acadar unha nota mínima en cada unha destas modalidades suporá que o/a estudante terá que recuperar esa parte na 2ª convocatoria. As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

Si se suspende a materia en 2ª convocatoria, a Comisión do Practicum determinará si se pode gardar algunha nota dalgunha das modalidades para o curso seguinte.

Será requisito necesario o depósito dunha copia da memoria de prácticas na institución colaboradora en formato e data establecida pola Coordinación.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o estudantado adscrito ao programa PIUNE.

Os horarios e datas da entrega final da memoria están publicados na web da Facultade e en Moovi. Na plataforma tamén se subirá un DOCUMENTO RESUMO DAS ENTREGAS coas orientacións necesarias para o alumnado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Berasaluze, A. y Ovejas, R. (coords.), **Guía de prácticas externas : practicum : grado en trabajo social**, Servicio Editorial de la Universidad del País Vasc, 2013

María Jesús Úriz Pemán (Coord.), **La necesaria mirada ética en Trabajo Social**, 1, Paraninfo y Consejo General del Trabajo social, 2019

Guinot, C. (Coord.), **Métodos, técnicas y documentos utilizados en Trabajo Social**, Deusto Publicaciones, 2008

Josefa Fombuena Valero (Coord.), **El trabajo social y sus instrumentos. Elementos para una interpretación a piacere**, 2, Nau Llibres, 2012

Pastor, E. (Coord.), **Las prácticas curriculares en el Grado de Trabajo Social**, 1, Universitas, 2014

Ainhoa Berasaluze Correa , Berasaluze Correa Ainhoa , Epelde Juaristi Maddalen , Ovejas Lara Charo ,, **Supervisión en trabajo social: una metodología para el cambio(Dúo)**, 1, Aranzadi, 2020

Consejo General del Trabajo Social, **Código Deontológico del Trabajo Social**, 3, Consejo General del Trabajo Social, 2018

Bibliografía Complementaria

Payne, M., **Teorías contemporáneas del Trabajo Social. Una introducción crítica**, Paidós, 1995

Howe, D., **Dando sentido a la práctica : una introducción a la teoría del trabajo social**, Maristán, 1999

Aguiar Fernández, F.X, Méndez Fernández, A.B. y Fenández Rodicio, C. I., **Proceso de tutorización y supervisión del practicum en trabajo social : un espacio de aprendizaje significativo**, Santiago de Compostela, 2013

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/O05G220V01991

Traballo social na incorporación social/O05G220V01908

Traballo social e ámbitos profesionais/O05G220V01907

Traballo social e cooperación ao desenvolvemento/O05G220V01905

Traballo social e mediación/O05G220V01906

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Introdución ao traballo social/O05G220V01105
Organización dos servizos sociais/O05G220V01205
Conceptos, teorías e métodos en traballo social/O05G220V01302
Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402
Política social/O05G220V01404
Saúde, dependencia e vulnerabilidade/O05G220V01405
Servizos sociais especializados I/O05G220V01304
Servizos sociais especializados II/O05G220V01406
Ética e traballo social/O05G220V01502
Xestión de organizacións de benestar social/O05G220V01605
Habilidades, técnicas e instrumentos en traballo social/O05G220V01601
Proceso de planificación en traballo social/O05G220V01504
Traballo social grupal e comunitario/O05G220V01604
Traballo social individual e familiar/O05G220V01505

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
